



CONCURSO DE XÓVENES PREPARADORES MUIMENTA '24

Un bo preparador é aquel que coñece á perfección a morfoloxía dos seus animais e despois dunha correcta doma, preparación e pelado, é capaz de facer resaltar as virtudes do exemplar que presenta, minimizando ao mesmo tempo os posibles defectos que poida ter.

O concurso de Xóvenes Preparadores consiste en que os xóvenes participantes demostren a súa habilidade na preparación de animais para a súa presentación en pistas de concurso e exposicións, aproveitando ao máximo as cualidades e posibilidades que ofrece cada animal.

Os fins perseguidos con este concurso son:

* Animar aos xóvenes a interesarse e participar, dende idades temperás, nas tarefas de selección e mellora das súas explotacións.

* Colaborar na profesionalización e autoestima dun sector que tradicionalmente foi menospreciado na nosa sociedade.

* Asegurar a continuidade dos concursos, exposicións e subastas no futuro como medio imprescindible para a promoción, rendabilidade e continuidade das explotacións gandeiras.

* Participación dos concursos europeos.

BASES DO CONCURSO

CONDICIÓN XERAIS

1.- O Concurso celebrárase o **Venres, 5 de abril ás 16:30 horas** no Recinto Feiral Manuel Vila de Muimenta – Cospeito (Lugo).

2.- Nel poderán participar xóvenes de calquer nacionalidade, que o soliciten en prazo e forma e a súa idade non supere os 30 anos, inclusive.

3.- Tomarase como data de referencia para determinar a idade dos concursantes o 30 de marzo de 2022.

4.- Para os participantes menores de idade, é imprescindible presentar a correspondente autorización, publicada na web www.xovenesgandeiros.com.

5.- Por necesidades de espazo e organizativas, **o prazo de inscrición para os participantes que non aporten o seu propio animal, finalizará o día 20 de marzo de 2024**, non tendo dereito a participar aqueles xóvenes que se inscriban con posterioridade a dita data. Para os participantes que aporten o seu propio animal o prazo de inscrición finalizará igualmente o 20 de marzo de 2024.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

6.- Os concursantes participarán obrigatoriamente, con animais inscritos nas seccións de xatas ou xovenças do Concurso Autonómico.

7.- Será responsabilidade de cada participante o inscribir ao Concurso de Frisón (ou pedir a outro gandeiro concursante), a xata /xovença coa que vai participar, non obstante e para os participantes de outros países, será a organización quen lla proporcione.

8.- Sendo o obxectivo do concurso, o formar e estimular aos xóvenes nas tarefas de doma, manexo e presentación de gando, cada participante estará obrigado a preparar (sen axuda externa) o animal co que vaia concursar.

9.- Para o pelado **ÍNTEGRO** dos animais, cada participante disporá de 2 horas, non obstante, aos participantes de 15 anos e menores, permitiráselles empezar 30 minutos antes.

10.- Cada concursante terá que ir provisto de todo o equipo necesario para o pelado, preparación e presentación do animal (máquinas, coitelas, cepillos, sprais, cabezada de pista, etc,...). Todo o material será por conta do participante.

11.- 15 minutos antes da hora de inicio establecida, os concursantes, -equipados con todo o seu equipo e material,- deberán de presentarse na zona de concurso, onde lles será adxudicada a súa praza, tras o cual e dentro da zona asignada, poderán preparar e dispoñer todo o seu equipo (enchufes, extensibles, máquinas, secador, etc,...) e igualmente, amarrar a xata /novilla coa que van concursar.

12.- O animal co que se participe, debe estar limpo, domado e que non se lle teña pelado ningunha rexión do corpo no último mes, ou se os xuíces consideran inoportuna a cantidade de pelo. O incumprimento desta norma será causa de descalificación.

13.- Durante o tempo que dura o concurso, cada participante deberá de manter debidamente atado e baixo control o animal co que participa, a fin de non interromper, molestar ou distraer a outros concursantes. Igualmente e en todo momento os concursantes deberán de manter unha actitude de respecto e colaboración cos seus compañeiros.

14.- Unha vez expirado o prazo concedido para o pelado e preparación (2,00 o 2:30 Horas segundo idade) tódolos concursantes deberán parar, deixar o animal nas condicións que se encontre e recoller o seu material.

15.- Na mesma praza que se preparou o animal e antes de saír a pista, os Sres Xuíces comentarán e valorarán co participante o traballo realizado, dándolle en privado, as explicacións, indicacións e consellos prácticos que en cada caso, proceda.

16.- Unha vez recibidas as explicacións na zona de pelado, os concursantes disporán de 15 minutos para cambiar as roupas de traballo polo uniforme de concurso (camisa branca e pantalón azul ou branco) e presentarse co seu animal á entrada de pista.

XULGAMENTO

17.- O xulgamento deste Concurso correrá a cargo dun Comité formado polo xuíz internacional encargado do concurso e dous axudantes.

Serán misións deste Comité:

18.- Revisar previo ao comezo da competición que tódolos animais non teñan ningunha parte do seu corpo pelada e descalificar, se procede, a aqueles que incumpran dita norma

19.- Avaliar o traballo individual que cada concursante realizara na preparación e pelado do seu animal, cumprimentando a seguinte Táboa de valoracións:

VALOR	PARTES A PUNTUAR
5 max.	CABEZA- PESCOZO
10 max.	LÍNEA DORSO-LUMBAR
10 max.	BARRIGA
7 max.	COSTELAR / CORPO
5 max.	PATAS
10 max.	VALORACIÓN XERAL DO CONXUNTO
	APARENCIA XERAL
	REMATE FINAL
10 max.	VALORACIÓN DO PRESENTADOR
10 max.	ACTITUDE DO PRESENTADOR

20.- Unha vez en pista, colocar aos participantes e conceder a puntuación e premios, dacordo coas habilidades demostradas.

21.- A avaliación e puntuación do traballo realizado por cada concursante realizarase na propia área de pelado, tralo cal e cos animais en pista, os Sres. Xuíces darán as súas explicacións en público e procederán a colocar a todos e cada un dos participantes no posto que polos seus méritos lle corresponda (punto 19).

22.- Expoñer ante público e concursantes as razóns e motivos polos que procederon á concesión dos premios e colocación dos concursantes.

23.- As decisións do Comité serán inapelables, polo tanto, a participación implica acatalas e aceptalas con deportividade.

SECCIÓNS E PREMIOS

24.- Xulgarase a tódolos participantes dentro dunha única sección e con un mesmo baremo, non obstante os Sres. Xuíces poderán facer as observacións, salvedades e comentarios que procedan, naqueles casos que pola xuventude do concursante consideren oportuno.

25.- A entrada en pista será por ríxurosa orde de idade de menor a maior.

26.- A suma de puntos na avaliación realizada polo Comité establecerá a clasificación final do Concurso.

27.- En base á mesma, outorgaranse os seguintes premios:

Campión: escarapela, trofeo e 200€

Subcampión: escarapela e 150€.

Mención de Honra: escarapela e 100€

4º - 6º clasificado: 50 €

28.- Como contribución especial a este certame, o Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, obsequiará cun trofeo aos Xóvenes Campión e Subcampión de Preparadores '24.

PROTECCIÓN DE DATOS

28.- Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 RGPD e LOPDGD 3/2018.

29.- Responsable do tratamento:

CLUBE XOVENES GANDEIROS DE GALICIA

CIF: G70149331

Enderezo: Rúa Melide, 25-27 Bajo, 15705 Santiago De Compostela (A Coruña) España

Teléfono: 981573879

Correo electrónico: clubexovenes@fefriga.com

30.- Finalidade e lexitimación do tratamento:

a) Xestión dos seus datos e/ou os do menor que nos facilite para xestionar a súa inscrición e participación no concurso e a entrega de premios do mesmo. Podemos tratar os seus datos porque existe unha relación contractual, de conformidade co Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil e demais lexislación aplicable.

b) Xestión contable. No caso de que resulte gañador do sorteo, poderemos tratar os seus datos con esta finalidade porque existe unha obriga legal establecida na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

c) Xestión fiscal. No caso de que resulte gañador do concurso, poderemos tratar os seus datos con esta finalidade porque existe unha obriga legal establecida na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

d) Promoción da actividade mediante a toma e publicación das súas imaxes ou as do menor a través da páxina web, catalogos, memorias e/ou outros medios de comunicación. Poderemos tratar os seus datos para este fin en caso de que nos teña dado o seu consentimento.

e) Promoción da actividade mediante o envío de comunicacións de interese. Podemos levar a cabo o tratamento se nos dá o seu consentimento.

31.- Conservación dos datos:

Os seus datos conservaranse mentras se realice a actividade e durante o prazo de prescrición das accións legais que se poidan derivar acorde á normativa indicada ou, se é o caso, ata que retire o consentimento

32.- Destinatarios de datos:

a) Comunicaranse os datos do gañador á Administración Tributaria, para o cumprimento das obrigas legais.

b) Comunicaranse os datos do ganador á entidades bancarias para que realicen os pagamentos do concurso.

c) Os datos que sexan necesarios para o cobro/pago de indemnizacións ou para a atención, exercicio ou defensa de sinistros serán comunicados a compañías de seguros e reaseguros, corredurías de seguros e reaseguros, avogados, procuradores, Xulgados e Tribunais.

d) No caso de que nos teña outorgado o seu consentimento os seus datos (imaxe) e/ou as do menor ó seu cargo serán cedidos ó público en xeral mediante a publicación en páxina web, catalogos, memorias e/ou outros medios de comunicación.

e) Os seus datos poderanse comunicar ós nosos encargados de tratamento cando sexa necesario para a correcta prestación dos servizos contratados.

33.- Transferencias internacionais de datos:

No caso de que nos deas o teu consentimento, con motivo da toma e publicación das túas imaxes a través das redes sociais (Facebook), pode producirse unha Transferencia Internacional dos teus datos a EE. UU. ou calquera outro país onde os teus subencargados manteñan operacións. Estas cesións realizaranse mediante cláusulas contractuais tipo e outras garantías alternativas. Podes obter máis información a través de: <https://es-es.facebook.com/privacy/explanation>.

34.- Dereitos do interesado:

- Acceso: dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando datos persoais seus ou non, a saber, cales son, para que se usen, cando tempo se van gardar, a orixe dos mesmos e se se comunicaron ou se van comunicar a un terceiro.

- Rectificación: dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos e a que se completen os datos persoais incompletos.

- Supresión: dereito a solicitar a supresión dos datos de carácter persoal cando sexan inadecuados, excesivos ou xa non sexan necesarios para os fins para os que foron recollidos, incluído o dereito ó olvido.

- Oposición: dereito a opoñerse, en determinadas circunstancias, a que se realice o tratamento dos seus datos persoais ou a solicitar que se cesen no tratamento.

- Limitación do Tratamento: dereito a solicitar, nas circunstancias establecidas legalmente, que non se traten os seus datos máis alá da mera conservación dos mesmos.

- Portabilidade: dereito a recibir os datos de carácter persoal nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e poder transmitilos a outro responsable, sempre que sexa técnicamente posible.

- Dereito a retirar o consentimento: se a base legal para o tratamento dos teus datos é o teu consentimento, tes dereito a retiralo en calquera momento. De facelo, non se verá afectado ningún tratamento de datos que se puidese realizar con anterioridade.

35.- Exercicio dos dereitos: O exercicio de dereitos deberá efectuarse por escrito dirixíndose a Rúa Melide, 25-27 Bajo, 15705, Santiago De Compostela (A Coruña) ou a través do correo electrónico clubexovenes@fefriga.com. Así mesmo, poñemos a súa disposición modelos para os seu exercicio, que poden obterse no enderezo postal ou a través do correo electrónico indicado anteriormente. Para máis información: www.aepd.es

36.- Dereito de reclamación ante a Autoridade de Control: No caso de que no se teñan respetado os seus dereitos pode presentar unha reclamación dirixíndose por escrito á Axencia Española de Protección de Datos sita na rúa Jorge Juan, 6-28001-Madrid ou utilizar a sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es>. En ambos casos, deberá achegar a documentación pertinente.

DISPOSICIÓNS FINAIS

37.- A participación supón a aceptación de tódalas normas contidas no presente reglamento.

38.- A comisión organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puidesen suscitar na interpretación do reglamento, ou que non estivesen recollidas no mesmo.